

Día mundial da abella

O día 20 de maio celébrase o Día Mundial da Abella, e dende a Agrupación Apícola de Galicia como conmemoración deste día, organizan unha serie de actividades de posta en valor da apicultura e as abellas.



Día 17 de maio

As letras galegas e a apicultura en Galicia

O día 17 de maio a Agrupación Apícola de Galicia participa na **Foliada das Letras Galegas** organizada polo **Concello de Barbadás** (Parque dos Carrís, A Valenzá). No posto denominado Belacolmea, realizaranse tatuaxes de abellas ABELLATATTOO de balde (de 12.00 a 13.00 e de 16.00 a 17.00) a todos/as os que queiran, entre outras sorpresas preparadas !!Ademais poderanse probar as cremas da única liña de apicosmética natural feita con Mel de Galicia IXP!!

Día 18 de maio

As abellas e os cativos

Realizarase unha xornada de divulgación lúdica de achegamento das abellas e todo o marabilloso mundo da apicultura aos máis pequenos da casa. En colaboración co **Colexio Divina Pastora - Franciscanas Ourense**, todos os alumnos de etapa de Educación Infantil participarán e desfrutarán dunha tarde diferente.

Día 19 de maio

As abellas e os cativos

Realizarase unha xornada de divulgación lúdica de achegamento das abellas e todo o marabilloso mundo da apicultura aos máis pequenos da casa. En colaboración coa **escola infantil Concepción Saiz Otero** sita no campus universitario de Ourense, coñeceremos as peculiaridades deste oficio ancestral onde participará unha nai apicultora que fará moito mais doce esta mañá de aprendizaxe.

Día 20 de maio

As abellas e a V. velutina, un problema de todos

En colaboración co **Concello de Mondariz**, levarase a cabo unha charla explicativa sobre a importancia de ter controlada a poboación de velutinas, unha praga que non só afecta aos abelleiros senón que afecta tamén á produción agraria, a forestal, ao medioambiente e á seguridade cidadá.